



IV FESTIVAL DE CULTURA URBANA SOUTOMAIOR 2018 BASES COMPETICIÓN "ARCADE JAM"

17,30 a 20,30 h Rolda final.
20,45 a 21.00 h Entrega de premios e sorteo

O Concello de Soutomaior pon en marcha o campionato de BMX e SCOOTER, iniciativa dentro do programa do IV Festival de Cultura urbana enmarcado dentro do Plan Municipal da Concellería de Xuventude do Concello de Soutomaior.

O obxectivo é contribuír ao desenvolvemento e evolución destas modalidades deportivas urbanas no Concello e ofrecer unha alternativa de lecer á mocidade que se complete cunha oferta variada que se adapte a todos os intereses da mocidade.

QUEN PODE PARTICIPAR?

Poderán participar todas aquelas persoas a partir de 35 anos e dentro da categoría masculina e feminina (*ver categorías)
A inscrición será de balde e as prazas limitadas
Os/as menores de idade que participen deberán presentar unha autorización da nai/pai/titor-a legal para a participación e asistencia á competición.

LUGAR E DATA DA COMPETICIÓN

Parque de Skate do Peirao de Arcade – domingo 1 de xullo de 2018

TIPO DE PROBA:

Formato "JAM". Puntuaranse os mellores trucos realizados por cada participante, valorarase a dificultade dos mesmos e estilo.

- Dependendo do número de participantes, rodarán de 2 a 3 participantes no mesmo "Heat" de cada Jam.
- Clasificatorias: "heats" de 2-3 participantes que rodarán á vez durante 1 minuto en formato JAM. Truco presentación e truco final individual de cada participante.
- Finais: 2 participantes a patinar 1 rolda de minuto de forma individual.

HORARIO:

11,00 a 13,30 h Confirmación da inscrición e quecemento previo.
16.00 a 17,30 h 1ª Rolda clasificatoria.

INSCRICIÓN. Como inscribirse?

A través do formulario en LIÑA ou o mesmo día do festival no posto de organización, ata unha hora antes do inicio da actividade na que te inscribes, si hai prazas vacantes.

As prazas son limitadas 20 prazas –obradoiro e 50 prazas na ARCADE JAM que se reservarán por orde de inscrición.

Todas as persoas que desexen participar deberán cubrir o formulario de **INSCRICIÓN** dispoñible na web www.gabinetesoutomaior.com no apartado específico do Festival de Cultura Urbana. A inscrición será en liña pinchando en:

<http://www.gabinetesoutomaior.com/index.php/inscricions-menu/inscricions-en-lina>

PERO,

- O mesmo día da competición no posto de organización todos os/as participantes presentarán o seu DNI para confirmar a súa solicitude;
- e, no caso de ser menor de idade, ademais entregarán, o mesmo día da competición, o DNI da persoas responsable que asina a autorización da nai/pai/titor-a legal que se cubre na mesma ficha de inscrición.

CATEGORÍAS E PREMIOS

A competición conta con dúas modalidades: BMX e SCOOTER, e en cada modalidade dúas categorías: Feminina e masculina na sección infantil (9 a 11 anos) e na sección xuvenil (a partir de 12 anos)

Premios SUB 13 (9 a 13 anos)

MODALIDADE BMX SUB13

CATEGORÍA FEMININA

Premio mellor truco Vale por importe de 40 €
Premio mellor rider Vale por importe de 40 €

CATEGORÍA MASCULINA

Premio mellor truco Vale por importe de 40 €
Premio mellor rider Vale por importe de 40 €

MODALIDADE SCOOTER SUB13

CATEGORÍA FEMININA

Premio mellor truco Vale por importe de 40 €
Premio mellor rider Vale por importe de 40 €

CATEGORÍA MASCULINA

Premio mellor truco Vale por importe de 40 €
Premio mellor rider Vale por importe de 40 €

Premios sección MASTER (a partir de 14 anos)

MODALIDADE BMX

CATEGORÍA FEMININA

Premio mellor truco Vale por importe de 40 €
Premio mellor rider Vale por importe de 40 €

CATEGORÍA MASCULINA

Premio mellor truco Vale por importe de 40 €
Premio mellor rider Vale por importe de 40 €

MODALIDADE SCOOTER

CATEGORÍA FEMININA

Premio mellor truco Vale por importe de 40 €
Premio mellor rider Vale por importe de 40 €

CATEGORÍA MASCULINA

Premio mellor truco Vale por importe de 40 €
Premio mellor rider Vale por importe de 40 €

Premios sección PRO

Os/as mellores de MASTER competirán en PRO

MODALIDADE BMX

Premio mellor truco Vale por importe de 40 €
Premio mellor rider Vale por importe de 40 €

MODALIDADE SCOOTER

Premio mellor truco Vale por importe de 40 €
Premio mellor rider Vale por importe de 40 €

Nota: os premios daranse en formato vale o mesmo día e logo haberá que entregar os datos persoais e número de conta na OMIX para que se ingresen na conta da persoa.

XURADO

Estará composto por xuíces que valorarán os seguintes parámetros:

- A creatividade nos trucos.
- A utilización da pista.
- Risco dos trucos.
- Altura dos trucos.
- Limpeza na caída.
- Salto con rampa.
- Orixinalidade.
- Fluidez de movementos.
- Tocar todos os módulos.

As persoas gañadoras serán as que teñan a puntuación máis alta, dentro dos puntos dos ítems anteriores.

OBSERVACIÓNS IMPORTANTES

- A persoas menores de idade que non entreguen copia ou non amosen DNI de persoa que autoriza, non poderá competir.
- Todos as persoas participantes:
 - Deberán levar **OBRIGATORIAMENTE CASCO** durante a competición.
 - Deberán presentarse obrigatoriamente o día da proba co seu documento Nacional de Identidade, NIE ou Pasaporte.
- A participación nesta competición supón a plena aceptación das presentes bases.
- As actuacións poderán ser gravadas e/ou fotografadas.
- A organización resérvase o dereito de cambio de data, aprazamento ou cancelación no caso de malas condicións meteorolóxicas ou imposibilidade de realizar a proba por causa xustificada.

Ademais dos premios haberá un sorteo para mercar material para todas as persoas que participen nas actividades do festival.

DANCE CREW

GaliRockers®

SINCE 2011

COLABORA

cremoly

INSCRICIÓNS EN LIÑA
WWW.GABINETESOUTOMAIOR.COM

Máis información na OMIX,
Tel. 986 700 822 omix@soutomaior.com